



## **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA SEGUNDO CURSO DE PRIMARIA**

**Titoras:**

**2º A: M<sup>a</sup>Guadalupe Laso Zarza**

**2º B: M<sup>a</sup> Asuncion Fernandez Perez, substituída por: M<sup>a</sup> del Mar Novoa Souto**

# ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS

## OBXECTIVOS DA ÁREA

1. Facer predicións a partir da análise de información sobre feitos ou fenómenos e comunicar os seus resultados a través da xeración de supostos ou hipóteses.
2. Expresar oralmente os resultados obtidos en proxectos ou investigacións apoiando o discurso en datos gráficos.
3. Desenvolver o traballo cooperativo en actividades grupais fomentando os principios e valores da interacción social.
4. Utilizar o coñecemento das distintas partes do corpo e as súas características para desenvolver unha vida saudable.
5. Coñecer a función respiratoria e a súa importancia para a vida.
6. Desenvolver hábitos saudables relacionalos co benestar persoal.
7. Utilizar a observación como recurso na obtención e na análise de información.
8. Afondar no coñecemento das plantas a través da clasificación das distintas especies.
9. Manexar distintas fontes e Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
10. Clasificar materiais segundo as súas propiedades.
11. Recoñecer e discernir as causas e os efectos dos cambios e as transformacións que se producen nos obxectos e materiais.
12. Realizar experimentos baseándose no método científico nos procesos de investigación para abordar distintos aspectos da natureza e da vida cotiá.
13. Valorar o medio a través do coñecemento do medio físico e os seus recursos.
14. Afondar na utilización de obxectos e aparatos simples a través da súa montaxe e desmontaxe.
15. Coñecer distintas profesións do ámbito e a súa achega ao medio.
16. Desenvolver unha actitude de coidado e seguridade no manexo de materiais, ferramentas e substancias.

## DESCRITORES

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do medio e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.</li> <li>• Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.</li> <li>• Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.</li> <li>• Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.</li> </ul>
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</li> <li>• Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.</li> </ul>
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> <li>• Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.</li> <li>• Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.</li> </ul>
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.</li> <li>• Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.</li> </ul>
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.</li> <li>• Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.</li> </ul>

		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicarlle as estratexias de resolución de problemas a calquera situación conflitiva.</li> </ul>
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o sentido dos textos escritos.</li> <li>• Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...</li> <li>• Gozar coa lectura.</li> </ul>
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.</li> <li>• Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.</li> <li>• Compoñer distintos tipos de textos creativamente e con sentido literario.</li> </ul>
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...</li> <li>• Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.</li> </ul>
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.</li> <li>• Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.</li> <li>• Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</li> <li>• Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou de materias diversas.</li> </ul>
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregar distintas fontes para a busca de información.</li> <li>• Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.</li> <li>• Elaborar e publicitar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.</li> </ul>

	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</li> <li>• Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</li> </ul>
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> <li>• Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</li> <li>• Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</li> </ul>
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.</li> <li>• Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</li> <li>• Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.</li> </ul>
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.</li> <li>• Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.</li> <li>• Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.</li> </ul>
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</li> <li>• Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.</li> </ul>
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>• Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.</li> <li>• Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.</li> </ul>

	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</li> <li>• Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</li> <li>• Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto polos distintos ritmos e potencialidades.</li> <li>• Involucrarse ou promover accións cun fin social.</li> </ul>
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</li> <li>• Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</li> <li>• Ser constante no traballo superando as dificultades.</li> <li>• Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</li> </ul>
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</li> <li>• Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.</li> <li>• Darlle prioridade á consecución de obxectivos grupais fronte a intereses persoais.</li> </ul>
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.</li> <li>• Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</li> <li>• Atopar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.</li> </ul>
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</li> <li>• Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.</li> <li>• Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.</li> <li>• Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</li> </ul>
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...</li> <li>• Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.</li> <li>• Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da</li> </ul>

		aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...</li> <li>• Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.</li> </ul>
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificar os recursos necesarios e os pasos que se van realizar no proceso de aprendizaxe.</li> <li>• Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.</li> <li>• Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</li> <li>• Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.</li> </ul>

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

*Descrición do modelo competencial, valido tamen para o resto das areas.*

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes paires que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia que «describen» o alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivable e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e da Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra banda, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder darlles resposta ás súas necesidades.

*Na área de Ciencias Naturais.*

Nesta área incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A área contribúe de forma substancial á competencia básica en ciencia e tecnoloxía xa que moitas das aprendizaxes que integra están totalmente centradas na interacción do ser humano co mundo que o rodea. A competencia vaise construíndo a través da apropiación de conceptos e habilidades que permiten interpretar o mundo físico próximo, así como do achegamento a determinados trazos do método co que se constrúe o coñecemento científico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

A área, por outra parte, axúdalle ao alumnado a construír un coñecemento da realidade que, partindo das súas propias vivencias, percepcións e representacións, sexa progresivamente máis obxectivo e compartido, ademais de proporcionarlle os instrumentos necesarios para comprender, explicar e actuar nesa realidade. Así mesmo, contribúe de xeito significativo á educación para a sustentabilidade, desenvolvendo habilidades e competencias que fomentan o uso responsable dos recursos naturais, a conservación da diversidade natural, o consumo racional, a protección da saúde individual e colectiva, a repartición equitativa da riqueza e a solidariedade global e interxeracional.

A área ofrece a posibilidade de utilizar as ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, tales como: lectura de mapas; comprensión e realización de escalas; lectura, representación interpretación e comunicación de gráficas; emprego de unidades de medida, etc., contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática.

### **Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:**

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.



- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicarlle as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

### ***Comunicación lingüística***

A área contribúe de forma substancial a esta competencia porque a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das súas aprendizaxes. A información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, xa que logo, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico ou observar un fenómeno, esixe procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación que son obxecto prioritario de aprendizaxe na área.

O alumnado deberá diferenciar progresivamente entre a linguaxe que fai posible a comunicación entre as persoas e a que utiliza a ciencia para explicar os feitos e fenómenos. Empregarase tanto a linguaxe oral coma a escrita, a gráfica ou a simbólica. É importante o vocabulario específico utilizado pola área. Ademais da contribución da área ao aumento significativo da riqueza do vocabulario específico, na medida que, nos intercambios comunicativos se valore a claridade, exposición, rigor no emprego dos termos, a estruturación do discurso, a sintaxe, etc..., estarase desenvolvendo esta competencia.

#### **Os descritores que utilizaremos serán:**

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

### ***Competencia dixital***

A área inclúe explicitamente os contidos que conducen á alfabetización dixital, coñecemento cuxa aplicación contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. A utilización básica do ordenador, o manexo dun procesador de textos e a busca guiada na internet, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desta competencia. As TIC constitúen un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio. Ademais é unha ferramenta atractiva, motivadora e facilitadora das aprendizaxes, pois permite aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos á súa experiencia.

#### **Adestraremos os seguintes descritores:**

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida Dúria.

### ***Conciencia e expresións culturais***

Esta competencia, con respecto á área de Ciencias Naturais, require os coñecementos que lles permitan acceder ás distintas manifestacións da herdanza cultural nos ámbitos tecnolóxicos e ambientais.

#### **Os descritores que adestraremos nesta competencia son:**

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### ***Competencias sociais e cívicas***

Desde a área de Ciencias da Natureza contribuiremos a esta competencia na medida que os alumnos desenvolverán as súas habilidades de relación social e respecto nos traballos grupais, así como no uso de novas metodoloxías como o traballo por proxectos ou as aprendizaxes baseadas en problemas que requirirán dunha maior autonomía e capacidade de reacción do alumnado de modo que se potencien estas habilidades.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

A área de Ciencias da Natureza inclúe contidos directamente relacionados co desenvolvemento do sentido de iniciativa persoal ao ensinar a tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo, tanto no ámbito escolar coma na planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer. A planificación e xestión de proxectos de traballo ben de forma individual ou en equipo, contribúen ao desenvolvemento desta competencia xa que implican transformar as ideas en accións, afrontar os problemas e aprender dos erros, calcular e asumir riscos, elixir con criterio propio, ser perseverante e responsable, ser creativo e emprendedor, manter a motivación, ser crítico e manter a autoestima e tamén obriga a dispoñer de habilidades sociais de relación e liderado de proxectos. Nesta área o traballo por proxectos ou a aprendizaxe baseada en problemas farán que o alumno adquira todas estas destrezas.

#### **Neste caso, os descritores que se van adestrar serán:**

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Darlle prioridade á consecución de obxectivos grupais fronte a intereses persoais.

### ***Aprender a aprender***

Para que esta área contribúa ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, deberá orientarse de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para aprender, para organizar, memorizar e recuperar a información, tales como resumos, esquemas ou

mapas mentais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe desta área. Por outra banda, a reflexión sobre que se aprendeu, como e o esforzo por contalo, oralmente e por escrito, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

**Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serán:**

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

## ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

### **Bloque 1. Iniciación á actividade científica.**

Iniciación á actividade científica.

Aproximación experimental a algunhas cuestións.

Utilización de diferentes fontes de información (directas, libros).

Utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación para buscar e seleccionar información, de xeito guiado.

Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.

Utilización de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.

Traballo individual e en grupo.

Planificación de proxectos e presentación de informes.

Realización dun proxecto sobre as plantas.

### **Bloque 2. O ser humano e a saúde.**

O corpo humano. Principais características.

Partes do corpo.

A respiración como función vital. Exercicios para a súa correcta realización.

Hábitos de alimentación saudables: a dieta equilibrada.

Algúns aspectos básicos da seguridade alimentaria.

Saúde e enfermidade.

As prácticas saudables.

A hixiene persoal, o aseo, o descanso, o ocio, a atención ao corpo.

Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, no fogar e no ámbito próximo.

Aceptación das diferenzas, as súas posibilidades e limitacións.

Os sentimentos e as emocións.

### **Bloque 3. Os seres vivos.**

Os seres vivos e os seres inertes. Identificación de diferenzas.

Observación directa e indirecta de plantas. Clasificación segundo elementos observables, identificación e denominación.

Características e formas de vida de distintos tipos de plantas.  
As plantas do ámbito natural máis próximo.  
Principais grupos de plantas.  
Interese pola observación e polo estudo das plantas.  
Hábitos de coidado e respecto cara ás plantas: coidados que necesitan para vivir.  
As relacións dos seres humanos coas plantas.

#### **Bloque 4. Materia e enerxía.**

A materia e as súas propiedades.  
Iniciación á actividade científica.  
Aproximación experimental a algunhas cuestións elementais; forzas e magnetismo.  
A percepción do son. O ruído e a contaminación acústica.  
Aforro de enerxía e protección do medio.  
Redución, reutilización e reciclaxe de obxectos e substancias.

#### **Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.**

Máquinas e aparatos. Observación de máquinas e aparatos e do seu funcionamento.  
Montaxe e desmontaxe de obxectos simples. Identificación e descrición de oficios en función dos materiais, ferramentas e máquinas que utilizan.  
Uso adecuado de materiais, substancias e ferramentas, no fogar.  
Seguridade persoal.  
Inventos tecnolóxicos que facilitan a vida Dúria das persoas.  
Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.  
Uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

### **OS CRITERIOS METODOLÓXICOS E AS ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS SON VÁLIDOS PARA TODAS AS ÁREAS.**

#### **CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS QUE SE VAN UTILIZAR NA ÁREA**

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e estes adquiren un maior grao de protagonismo.

#### **En concreto, na área de Ciencias Naturais:**

Na Educación Primaria é necesario proporcionar experiencias para que o alumnado aprenda a observar a realidade, a facerse preguntas, e a reflexionar sobre os fenómenos naturais, e conseguir que sexan capaces de elaborar respostas ás interrogantes que formula o mundo natural.

A idea de globalidade debe guiarnos nesta etapa e, por conseguinte, na área que nos ocupa, sabendo integrar os diferentes contidos arredor da experimentación, investigación, traballos de campo, saídas, visitas, observación directa... e o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

O auténtico sentido da área de Ciencias da Natureza está en aprender, resolvendo problemas, planificando experiencias, elaborando pequenos proxectos e levándoos a cabo, extraendo e comunicando conclusións e entendendo que o traballo en equipo para alcanzar obxectivos comúns e a colaboración cos demais, é imprescindible para o avance científico da sociedade. Deste xeito, facilítase o establecemento de relacións entre os feitos e os conceptos a través da utilización de procedementos específicos. Neste contexto, o papel do docente consistirá en presentar situacións de aprendizaxe que fagan evolucionar as ideas e os esquemas previos dos alumnos e das alumnas.

É preciso incluír metodoloxías didácticas enfocadas á resolución de problemas, e situacións experimentais que permitan aplicar os coñecementos teóricos nunha ampla variedade de contextos. Se queremos aumentar o interese e a motivación cara ás ciencias é necesario conectar os contidos coa vida real. Os alumnos e as alumnas deben percibir os contidos científicos como relevantes para a súa vida, e o profesorado debe esforzarse por manifestar a conexión co contexto social e eliminar a percepción de conceptos abstractos e afastados dos intereses do alumnado.

Nesta área cobra especialmente relevancia a aprendizaxe por descubrimento, que se basea na idea de que para aprender ciencia hai que facer ciencia, e aposta por unha construción activa de coñecemento por parte do alumnado. Este enfoque supón que os alumnos e as alumnas constrúen coñecemento polas súas interaccións co mundo material ou cos seres vivos. A función do docente é a preparación de materiais e situacións adecuadas a este obxectivo.

#### **Podemos diferenciar os seguintes pasos na investigación na aula:**

- a) Formular interrogantes sobre fenómenos e situacións do mundo natural que resulten de interese para o alumnado.
- b) Exposición dos seus coñecementos iniciais sobre o problema presentado.
- c) Discusión e acordo sobre o deseño da investigación.
- d) Desenvolvemento da investigación seguindo o deseño pautado.
- e) Procesamento significativo da información obtida, construíndo coñecementos que lles dean resposta adecuada aos problemas investigados.
- f) Formulación de novos interrogantes como resultado das observacións e experiencias realizadas.
- g) Comunicación dos resultados alcanzados.

As Tecnoloxías da Información e da Comunicación, son xa case imprescindibles para calquera aprendizaxe e nesta área adquiren unha especial importancia polo tipo de información vinculada a ela. Constitúen un acceso rápido, sinxelo á información sobre o medio e é, ademais, unha ferramenta atractiva, motivadora e facilitadora das aprendizaxes, pois permite aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos, á súa experiencia.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas. Estas fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a **Teoría das Intelixencias Múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### **Bloque 1. Iniciación á actividade científica.**

1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicando os resultados.
2. Establecer conxecturas, tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural coma sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia.
3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados presentándoos con apoios gráficos.
4. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.
5. Realizar un proxecto e presentar un informe.

### **Bloque 2. O ser humano e a saúde.**

1. Identificar e valorar as principais partes do corpo humano e as súas características utilizando os coñecementos para elaborar estratexias para o desenvolvemento dunha vida saudable.
2. Recoñecer a respiración como unha función vital.
3. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: alimentación variada, hixiene persoal, exercicio físico regulado sen excesos ou descanso diario.
4. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a identificación das súas emocións e as dos seus compañeiros.

### **Bloque 3. Os seres vivos.**

1. Realizar observacións considerando, previamente e durante estas, cuestións que lle permitan obter información relevante.
2. Observar e realizar preguntas adecuadas para obter información, utilizar algúns instrumentos e efectuar rexistros segundo indicacións.
3. Recoñecer e clasificar, con criterios elementais, as plantas máis representativas do seu ámbito, así como algunhas outras especies coñecidas aplicando a información obtida a través de diversos medios.
4. Utilizar diversas fontes sobre todo as obtidas utilizando as Tecnoloxías da información e da Comunicación.

### **Bloque 4. Materia e enerxía.**

1. Observar, identificar, diferenciar e clasificar, materiais segundo propiedades físicas observables.
2. Describir algunhas causas e efectos visibles en situacións cotiás de cambios ou transformacións en obxectos e materiais.
3. Iniciarse na actividade científica realizando experimentos para estudar os efectos da aplicación de forzas.
4. Iniciarse na actividade científica realizando experimentos para estudar a percepción do son. O ruído e a contaminación acústica.
5. Observar e explicar algúns elementos do medio físico e dos seus recursos, valorando o medio.

## **Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.**

1. Montar e desmontar obxectos e aparatos simples, describindo o seu funcionamento, pezas, secuencia de montaxe e explicando a súa utilización de forma segura.
2. Coñecer os traballos das persoas do medio. Valorar a necesidade e importancia de todas as profesións.
3. Iniciarse no coidado da seguridade persoal, no uso de tecnoloxías e de materiais, substancias e ferramentas de forma segura na aula e no centro.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

### **Bloque 1. Iniciación á actividade científica.**

- 1.1. De xeito guiado busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, saca conclusións, comunica a súa experiencia, reflexionando acerca do proceso seguido e comunicándoo oralmente e por escrito coa axuda de imaxes.
- 1.2. Iníciase na utilización dos medios propios da observación, como instrumentos ópticos e de medida, consultando e utilizando documentos escritos, imaxes e gráficos.
- 2.1. De xeito dirixido realiza pequenos experimentos ou experiencias establecendo conxecturas respecto de feitos que acontecen dunha forma natural como sobre os que acontecen cando se provocan.
- 3.1. Utiliza, de xeito adecuado, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos, na comunicación de forma oral e escrita na presentación de resultados.
- 4.1. Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, preguntando para obter información e pedindo aclaracións.
- 4.2. Iníciase no desenvolvemento de estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
- 4.3. Coñece actividades de primeiros auxilios e represéntaa en contextos de simulación.
- 4.4. Traballa de forma cooperativa, coidando a súa seguridade, a dos seus compañeiros, as ferramentas e os materiais.
- 4.5. Coñece e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo.
- 5.1. Iníciase na planificación e a execución de accións e tarefas manifestando autonomía e iniciativa.
- 5.2. Manifesta autonomía na planificación e na execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
- 5.3. De xeito guiado realiza un proxecto e presenta un informe, utilizando soporte papel e/ou dixital, sobre as plantas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) e comunicando oralmente as experiencias realizadas, apoiándose en imaxes e breves textos escritos realizados segundo modelos.
- 5.4. Presenta os traballos de xeito ordenado, claro e limpo, en soporte papel e dixital.

### **Bloque 2. O ser humano e a saúde.**

- 1.1. Observa, identifica e describe as principais partes do corpo humano e as súas características.

- 2.1. Identifica e describe a respiración como función vital e coñece e realiza exercicios para a súa correcta execución.
- 3.1. Clasifica alimentos segundo a súa orixe e a súa achega á dieta.
- 3.2. Identifica hábitos de alimentación saudables, e aplica a información ao deseño de axudas equilibradas.
- 3.3. Identifica e explica algún trastorno alimentario e describe algunhas condutas e estratexias para a súa prevención.
- 3.4. Manifesta condutas de hixiene e aseo persoal, valorando a hixiene, o descanso, o uso adecuado do tempo libre, desenvolvendo hábitos para o coidado do corpo, e a aceptación do seu corpo e o dos demais.
- 3.5. Identifica as súas posibilidades e limitacións aceptando as diferenzas, poñendo de manifesto a devandita aceptación.
- 3.6. Identifica e desenvolve hábitos de prevención de enfermidades e accidentes na aula e no centro.
- 4.1. Progresa na identificación das emocións e sentimentos propios e dos compañeiros e manifesta condutas empáticas.

### **Bloque 3. Os seres vivos.**

- 1.1. Observa e identifica distintas formas de vida e expón de xeito razoado as diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.
- 2.1. Observa, utilizando diversas fontes, distintas formas de vida, identificando e explicando de xeito razoado as diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.
- 3.1. Observa, identifica, nomea e clasifica, plantas do seu ámbito.
- 3.2. Observa, identifica, nomea e clasifica, plantas a través de imaxes.
- 3.3. Asocia e describe os trazos físicos e as pautas de comportamento dalgunhas plantas cos ámbitos nos que viven (camuflaxe, cambio de cor, etc.).
- 3.4. Observa identifica e describe algúns patróns de relación entre os seres humanos, as plantas e os animais.
- 3.5. Identifica boas prácticas de coidado e respecto polos animais e desenvolve hábitos de coidado e respecto.
- 3.6. Interésase pola observación e polo estudo das plantas.
- 4.1. Utiliza diversas fontes principalmente as obtidas utilizando as Tecnoloxías da Información e da Comunicación de forma moi dirixida, para observar e identificar as plantas.

### **Bloque 4. Materia e enerxía.**

- 1.1. Observa, identifica, diferenza e clasifica, materiais segundo propiedades físicas observables como olor, sabor, textura, peso/masa, cor, dureza, estado, capacidade de disolución en auga, ou de reaccionar con algunha substancia.
- 2.1. Observa, identifica, analiza e describe as diferenzas entre as propiedades elementais dos materiais, relacionando algunhas delas cos seus usos, e recoñecendo os efectos visibles das forzas sobre os obxectos, os seus compoñentes e a súa dirección.
- 3.1. Observa e capta de forma intuitiva o concepto de forza en relación co movemento.
- 3.2. Observa, identifica e explica os efectos da aplicación de forzas na mesma dirección, forzas de contacto e a distancia e describe o acontecido.
- 4.1. Observa, identifica e describe as principais características do son e da vibración.
- 4.2. Explica as principais características do ton, a intensidade e o timbre.
- 4.3. Observa, identifica e explica as principais características da transmisión do son en diferentes medios, exemplificando algúns casos.



- 4.4. Valora a importancia da ausencia de ruído e de contaminación acústica, e propón actuacións para combatela.
- 5.1. Observa, identifica, e analiza algúns elementos do medio físico e dos seus recursos (luz solar, aire, auga, terra, vexetación), valorando a importancia das medidas de protección e coidado do medio.
- 5.2. Reduce, reutiliza e recicla obxectos e substancias na aula e no centro.

#### **Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.**

- 1.1. Observa, identifica e analiza, obxectos e aparatos simples no ámbito.
- 1.2. Monta e desmonta obxectos simples, explicando como funcionan e a utilidade de cada parte.
- 1.3. Mantén condutas seguras, tanto no uso coma na montaxe e desmontaxe de obxectos simples.
- 1.4. Observa e analiza o funcionamento de obxectos e máquinas, identificando as situacións que poden xerar risco.
- 2.1. Identifica e exemplifica as principais profesións e as responsabilidades que desempeñan as persoas do ámbito, valorando a importancia de cada unha, a responsabilidade e a contribución á sociedade, identificando estereotipos sexistas.
- 3.1. Usa materiais, substancias e ferramentas, adoptando comportamentos adecuados para previr accidentes.
- 3.2. Identifica os compoñentes básicos dun ordenador, facendo un uso adecuado destes.

### **RECURSOS DIDÁCTICOS**

#### **VÁLIDOS PARA O RESTO DAS ÁREAS**

- O libro do alumno.
- A proposta didáctica.
- Os recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- Os cadernos complementarios ao libro do alumno.
- O libro dixital.
- O material de aula correspondente a este curso: murais, láminas,...
- Diferentes ligazóns web recomendadas na proposta didáctica.

### **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN**

#### **VÁLIDOS PARA O RESTO DAS ÁREAS**

##### ***Necesidades individuais***

Teranse en conta o alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades, e outros con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar... Deste xeito faranse planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.

## AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### VÁLIDO PARA O RESTO DAS ÁREAS

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao rematar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual xeito, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR	O QUE HAI QUE DESTACAR...	O QUE HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portafolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

CIENCIAS NATURAIS	%
Expresión oral	20%
Expresión e comprensión escrita	20%
Posta en práctica	10%
Conceptos	30%
Traballo	20%

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN

### Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicando os resultados.

Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural coma sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia. Comunicar de forma oral e escrita os resultados presentándoos con apoios gráficos.

Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.

Realizar un proxecto e presentar un informe.

### Bloque 2. O ser humano e a saúde

Identificar e valorar as principais partes do corpo humano e as súas principais características, utilizando os coñecementos para elaborar estratexias para o desenvolvemento dunha vida saudable.

Recoñecer a respiración como unha función vital e identificar os principais órganos relacionados coas principais funcións vitais.

Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: alimentación variada, hixiene persoal, exercicio físico regulado sen excesos ou descanso diario.

Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a identificación das súas emocións e as dos seus compañeiros

### Bloque 3. Os seres vivos

Realizar observacións considerando, previamente e durante estas, cuestións que lle permitan obter información relevante.

Observar e realizar preguntas adecuadas para obter información, utilizar algúns instrumentos e efectuar rexistros segundo indicacións.

Recoñecer e clasificar con criterios elementais as plantas e os animais máis representativos do seu ámbito así como algunhas outras especies coñecidas aplicando a información obtida a través de diversos medios.

Manexar diversas fontes sobre todo as obtidas utilizando as tecnoloxías da información e da

comunicación.

#### **Bloque 4. Materia e enerxía.**

Observar, identificar, diferenciar e clasificar materiais segundo propiedades físicas observables.

Describir algunhas causas e efectos visibles en situacións cotiás de cambios ou transformacións en obxectos e materiais.

Iniciarse na actividade científica realizando experimentos para estudar os efectos da aplicación de forzas.

Iniciarse na actividade científica realizando experimentos para estudar a percepción do son. O ruído e a contaminación acústica.

Observar e explicar algúns elementos do medio físico e dos seus recursos, valorando o medio.

#### **Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.**

Montar e desmontar obxectos e aparatos simples, describindo o seu funcionamento, pezas, secuencia de montaxe e explicando a súa utilización de forma segura.

Coñecer os traballos das persoas do contorno. Valorar a necesidade e importancia de todas as profesións.

Iniciarse no coidado da seguridade persoal, no uso de tecnoloxías e de materiais, substancias e ferramentas de forma segura na aula e no centro.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

1. Identificar e valorar as principais partes do corpo humano e as súas principais características, utilizando os coñecementos para elaborar estratexias para o desenvolvemento dunha vida saudable.

Recoñecer a respiración como unha función vital e identificar os principais órganos relacionados coas principais funcións vitais.

Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: alimentación variada, hixiene persoal, exercicio físico regulado sen excesos ou descanso diario.

Recoñecer e clasificar con criterios elementais as plantas e os animais máis representativos do seu ámbito así como algunhas outras especies coñecidas aplicando a información obtida a través de diversos medios.

Iniciarse na actividade científica realizando experimentos.

# ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

## OBXECTIVOS DA ÁREA

1. Utilizar diferentes fontes de información, directas e indirectas ou a través das TIC para abordar diferentes feitos ou fenómenos.
2. Desenvolver habilidades e capacidades como a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo, o traballo en equipo, a capacidade de comunicación, a creatividade e espírito emprendedor, o respecto aos demais, a cooperación e o diálogo na resolución de conflitos no ámbito de aprendizaxe da aula.
3. Practicar distintas formas de agrupamento, traballo e reflexión sobre a aprendizaxe no desenvolvemento dos contidos da área.
4. Crear estratexias de resolución de conflitos para interactuar dunha forma eficaz e construtiva na sociedade.
5. Recoñecer a importancia da auga para os seres vivos a través do coñecemento das súas características, propiedades e procesos.
6. Coñecer o medio natural e a influencia do home nel.
7. Identificar e clasificar rochas e minerais atendendo a diferentes criterios.
8. Manexar as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse no seu contorno máis próximo.
9. Comprender a organización social do seu contorno próximo.
10. Coñecer as manifestacións culturais e as obras máis representativas do patrimonio artístico, cultural e histórico da súa localidade.
11. Comprender distintas normas de relación e organización viaria.
12. Recoñecer as distintas profesións do seu contorno máis próximo.
13. Analizar as características dos medios de comunicación e identificar o seu papel na vida das persoas.
14. Recoñecer os cambios producidos nas persoas, na sociedade e na natureza co paso do tempo.
15. Manexar distintos procedementos de organización do tempo e recoñecer relacións de sucesión e simultaneidade.
16. Situar as distintas etapas da historia dos seres humanos, así como os obxectos que se utilizaban nelas.
17. Valorar a cultura, a historia e o patrimonio cultural e histórico como unha forma de coñecemento e ocio persoal.
18. Mostrar interese polo estudo de feitos e personaxes do pasado.

## DESCRITORES

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do medio e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interactuar co medio natural de xeito respectuoso.</li> <li>• Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.</li> <li>• Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.</li> <li>• Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.</li> </ul>
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</li> <li>• Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.</li> </ul>
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> <li>• Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.</li> <li>• Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.</li> </ul>

	<p>Manexo de elementos matemáticos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.</li> <li>• Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.</li> </ul>
	<p>Razoamento lóxico e resolución de problemas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.</li> <li>• Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.</li> <li>• Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación conflictiva.</li> </ul>
<p><i>Comunicación lingüística</i></p>	<p>Comprensión: oral e escrita</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o sentido dos textos escritos.</li> <li>• Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...</li> <li>• Gozar coa lectura.</li> </ul>
	<p>Expresión: oral e escrita</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información.</li> <li>• Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.</li> <li>• Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</li> </ul>

	<p>Normas de comunicación</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</li> <li>• Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.</li> </ul>
